



Espazo reservado para o Rexistro Xeral do Concello

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS, RECREATIVAS E COMPETICIÓNS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS TEMPADA 2019/20

Agrupación, asociación, entidade deportiva:						
CIF						
Domicilio social			Núm	Esc	Andar	Porta
CP	Municipio		Teléfono			
Representante da agrupación, asociación, entidade deportiva (membro da xunta directiva)						
DNI		Nome e apelidos:				
Rúa			Núm	Esc	Andar	Porta
CP	Municipio		Teléfono			
Correo electrónico de contacto						
Obxecto da declaración						
Solicitude de instalación deportiva municipal para a tempada 2019/2020						
<input type="checkbox"/> Campos de fútbol <input type="checkbox"/> Pavillóns <input type="checkbox"/> Pistas de atletismo <input type="checkbox"/> Ximnasio/Sala musculación						

Declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que a actividade obxecto de solicitude exposta no formulario que se achega cumpre todos os requisitos establecidos na normativa vixente para o desenvolvemento da mesma, que dispoño da documentación que así o acredita e que a poñerei a disposición da Administración Municipal cando sexa requirido para iso.
- Que a entidade está inscrita no rexistro municipal de asociacións (exentas deste requisito as federacións galegas e /ou entidades de ámbito autonómico)
- Que se está a cumprir co establecido nos estatutos da entidade conforme a Lei 3/2012 do Deporte de Galicia.
- Que o persoal docente (adestradores, monitores, ...) en contacto habitual con menores de idade, está en posesión da certificación negativa do rexistro central de delinquentes sexuais, conforme a Lei 26/2015, de 28 de xullo (BOE 29-7-2015).
- Con respecto ao seguro de responsabilidade civil:
 - Que teño contratado un seguro de responsabilidade civil, segundo a disposición transitoria terceira da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
 - Que me comprometo a contratar, dentro dos primeiros 10 días de concesión da instalación, un seguro de responsabilidade civil, segundo a disposición transitoria terceira da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Que asumo o compromiso de contratar para todos os participantes na actividade a necesaria póliza de accidentes e/ou de dispoñer da correspondente licenza federativa. A póliza de accidentes garantirá, cando menos, a mesma cobertura sanitaria que a establecida a nivel federativo.
- Que me comprometo a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo que dure a cesión das instalacións deportivas municipais.
- Que me comprometo a respectar a normativa de uso e funcionamento das instalacións deportivas obxecto da solicitude.

Así mesmo, asumo a obriga de reposición ou arranxo dos danos ás instalacións deportivas municipais que me sexan cedidas; así como os que puideran causarse a terceiros e demais gastos que puidesen ocasionarse polo uso da instalación solicitada.

Santiago de Compostela, ____ de _____ de 2019

Sinatura do representante da entidade

CLÁUSULA INFORMATIVA

En cumprimento do disposto no art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, infórmaselle dos seguintes aspectos relacionados co tratamento dos datos persoais que nos proporciona:

a) RESPONSABLE DE TRATAMENTO: O Responsable do Tratamento é o Concello de Santiago de Compostela, con CIF P1507900G e enderezo na Praza do Obradoiro 1, 15705 Santiago de Compostela (A Coruña).

b) FINALIDADE: Os datos persoais facilitados serán tratados e utilizados para fins deportivos e outros actos de carácter protocolario e social organizados ou xestionados polo Concello.

c) LEXITIMACIÓN: A base legal do citado tratamento pode estar fundamentada no cumprimento dunha misión realizada en interese público (art. 6.1 RGPD) ou no seu consentemento, neste caso, pode vostede retiralo en calquera momento.

d) COMUNICACIÓN DE DATOS: Tamén lle informamos que os datos que nos proporciona, poden ser comunicados a outras administracións públicas, como poden ser Administración tributaria, Organismos da Seguridade Social, rexistros públicos, ou outros órganos da Administración local, autonómica ou estatal.

e) CONSERVACIÓN: Os seus datos trátanse durante o tempo necesario para levar a cabo a actividade concreta, unaha vez finalizada conservanse durante os prazos de prescrición de posibles responsabilidades derivadas do tratamento.

f) DEREITOS: En calquera momento pode exercer os dereitos de acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Os devanditos dereitos poderá exercelos presentando unha solicitude a través do Rexistro xeral do Concello de Santiago de Compostela na rúa do Presidente Salvador Allende 4, 15705 Santiago de Compostela.

Igualmente ten vostede dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de datos (AEPD).



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



CONCELLO DE SANTIAGO

SOLICITUDE DE USO DOS PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS MUNICIPAIS Tempada 2019/2020

"CLUBS FEDERADOS E ENTIDADES DEPORTIVAS"

NOME DA ENTIDADE: _____

REPRESENTANTE (Presidente ou membro da xunta directiva):

D./D^a. _____

Cargo que ocupa na Xunta Directiva: _____

DNI _____ teléfono/-s _____

SOLICITO o uso dun Pavillón Polideportivo Municipal para a práctica de _____ de acordo cos datos que se indican neste formulario de solicitude, comprometéndome ao bo uso da instalación, así coma, ao cumprimento das normas reguladoras da mesma.

Santiago de Compostela, _____ de _____ de 2019

Sinatura do representante

CLÁUSULA INFORMATIVA

En cumprimento do disposto no art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, infórmase dos seguintes aspectos relacionados co tratamento dos datos persoais que nos proporciona:

a) RESPONSABLE DE TRATAMENTO: O Responsable do Tratamento é o Concello de Santiago de Compostela, con CIF P1507900G e enderezo na Praza do Obradoiro 1, 15705 Santiago de Compostela (A Coruña).

b) FINALIDADE: Os datos persoais facilitados serán tratados e utilizados para fins deportivos e outros actos de carácter protocolario e social organizados ou xestionados polo Concello.

c) LEXITIMACIÓN: A base legal do citado tratamento pode estar fundamentada no cumprimento dunha misión realizada en interese público (art. 6.1 RGPD) ou no seu consentemento, neste caso, pode vostede retiralo en calquera momento.

d) COMUNICACIÓN DE DATOS: Tamén lle informamos que os datos que nos proporciona, poden ser comunicados a outras administracións públicas, como poden ser Administración tributaria, Organismos da Seguridade Social, rexistros públicos, ou outros órganos da Administración local, autonómica ou estatal.

e) CONSERVACIÓN: Os seus datos trataránse durante o tempo necesario para levar a cabo a actividade concreta, unha vez finalizada conservaranse durante os prazos de prescripción de posibles responsabilidades derivadas do tratamento.

f) DEREITOS: En calquera momento pode exercer os dereitos de acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Os devanditos dereitos poderá exercelos presentando unha solicitude a través do Rexistro xeral do Concello de Santiago de Compostela na rúa do Presidente Salvador Allende 4, 15705 Santiago de Compostela.

Igualmente ten vostede dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de datos (AEPD).

CUESTIONARIO A FORMALIZAR POLO SOLICITANTE

1) ENTIDADE _____

CIF _____ TELÉFONO/S _____

ENDEREZO COMPLETO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (rúa, nº, CP):

E-MAIL _____

2) Nº de REXISTRO NA XUNTA DE GALICIA _____

Nº de REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN^(*) _____

^(*) Será requisito obrigatorio para as entidades solicitantes estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións dentro do prazo de solicitude (coa excepción das Federacions Galegas e/ou entidades de ámbito autonómico).

3) CARÁCTER DA ENTIDADE:

Club Federado

Entidade Deportiva

Federación

Outras asociacións

4) FEDERACIÓN NA QUE O CLUB ESTÁ INSCRITO _____

5) NÚMERO DE SOCIOS DA ENTIDADE:

6) MODALIDADE DA ACTIVIDADE:

Adestramento

Competición Oficial

Competición organizada pola Entidade

Outra

7) RELACIÓN NOMINAL E INDIVIDUAL DOS EQUIPOS QUE PARTICIPAN NA ACTIVIDADE, CATEGORÍAS DE CADA UN DELES, E Nº DE LICENZAS FEDERATIVAS:

É obrigatorio e imprescindible cubrir e asinar o ANEXO 1 da solicitude no que deberá detallarse a relación de equipos da entidade, categoría de cada un deles e número de licenzas por equipo, tanto da tempada 2018/2019, como as previsións da seguinte 2019/20. Esta información deberá ser o máis completa posible, enumerándose equipo por equipo co fin de poder atender correctamente a solicitude formulada.

8) PERÍODO DE UTILIZACIÓN QUE SOLICITA (de setembro ao 31 de maio):

Do ____ de _____ de 2019 ao ____ de _____ de 2020

9) DÍAS DA SEMANA E HORARIOS PARA ADESTRAMENTOS (Orientativo) :

Notas importantes:

1. En función do número de solicitudes o Concello poderá **reducir, alterar ou variar** os períodos de adestramento que aquí se indican.
2. TERASE COMO PRIMEIRO CRITERIO DAR COBERTURA AO MESMO Nº DE EQUIPOS/LICENZAS DOS QUE DISPUXO A ENTIDADE DURANTE A PASADA TEMPADA. OS INCREMENTOS ATENDERANSE SEGUNGO DISPOÑIBILIDADE.

Luns Martes Mérc. Xoves Venres

MAÑÁS de _____ a _____

TARDES	16,00-17,00 h.	<input type="checkbox"/>
	17,00-18,00 h.	<input type="checkbox"/>
	18,00-19,00 h.	<input type="checkbox"/>
	19,00-20,00 h.	<input type="checkbox"/>
	20,00-21,00 h.	<input type="checkbox"/>
	21,00-22,00 h.	<input type="checkbox"/>
	22,00-23,00 h.	<input type="checkbox"/>

Para entidades con varias categorías especificar o horario preferente para cada unha delas:

OBSERVACIÓNS

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE:

(Marque cun X os documentos que procedan)

- Fotocopia do DNI do representante da entidade que asina a solicitude
- Certificado da Federación correspondente no que se indique o número de equipos inscritos durante a pasada tempada 2018/19, así como, o número de licenzas tramitadas con independencia de ser deporte colectivo ou individual. Este certificado deberá ter data de finais de tempada (xuño/xullo 2019).
- Os Clubs deportivos que desenvolvan a programación deportiva extraescolar dos centros educativos onde existen pavillóns municipais (en horario de 16 a 19 h. aproximadamente), deberán facelo constar na solicitude, quedando obrigados a presentar a autorización por escrito da Dirección do Centro Educativo para a curso 2019/20, antes do 16 de setembro.

Importante: Mentres non se teña entregada toda a documentación requirida non se procederá á resolución da solicitude.

Sinatura do representante da Entidade

Moi importante: Os datos presentados no certificado do secretario do Club e que se achegan coa presente solicitude, deberán de ser o máis exactos posibles xa que calquera variación pode afectar ao proceso de concesión e, polo tanto, a terceiras entidades. É un acto de responsabilidade co resto dos colectivos deportivos da cidade ser rigoroso coa información que se facilite. Nembargantes, de producirse un descenso no número de equipos ou licenzas ás inicialmente previstas, as entidades deberán de comunicalo canto antes. **En caso contrario, o Concello de Santiago poderá anular a concesión inicialmente prevista para esa entidade para a temporada 2019/2020.**

Nota: Os pavillóns polideportivos municipais obxecto desta solicitude son:

UBICADOS EN CENTROS DE ENSINO	OUTROS POLIDEPORTIVOS
1. PP de LAMAS DE ABADE	1. PP da PONTEPEDRIÑA
2. PP de MONTE DOS POSTES	2. PP LORENZO DE LA TORRE
3. PP de APÓSTOL SANTIAGO	3. PP de VITE
4. PP de QUIROGA PALACIOS	4. PP de RESTOLLAL e o seu XIMNASIO
5. PP de CARMEN ESTÉVEZ	5. PP de SANTA ISABEL e o seu XIMNASIO
6. PP de VITE COLEXIO	6. PP de FONTIÑAS e o seu XIMNASIO
7. PP de PÍO XII	

CONSIDERACIÓNS XERAIS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO A TER PRESENTE NO MOMENTO DE PRESENTAR A SOLICITUDE DE USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA A TEMPADA 2019/20.

É obxecto desta solicitude a asignación de usos das instalacións deportivas municipais xestionadas directamente polo Departamento de Deportes do Concello de Santiago e as conveniadas coa Universidade de Santiago (USC) para adestramentos, competicións deportivas preferentemente federativas, actividades escolares lectivas e actividades físicas destinadas a persoas con diversidade funcional.

Será de obrigado cumprimento por parte das entidades beneficiarias respectar a normativa de uso e funcionamento das instalacións deportivas (aprobada na Xunta de Goberno Local do 28 de novembro de 2011), as aprobadas pola USC e/ou calquera outra norma, circular ou directiva que se aprobe ao longo da tempada 2019/20.

Será de aplicación a efectos de establecer prioridades na ocupación dos recintos, os criterios marco empregados na resolución da tempada 2018/19 e dos que se deron conta na Xunta de Goberno de 1 de febreiro de 2019. Estes criterios marco defínense debido ao número limitado de recursos e instalacións dispoñibles que non permiten atender a demanda existente na súa totalidade, polo que se establecen tres niveis de prioridade:

- **1º NIVEL DE PRIORIDADE: propostas formativas lectivas, programas municipais e actividades que aglutinen a persoas con diversidade funcional.**
Daráselle prioridade ás actividades formativas, en especial, aquelas que están vinculadas cos centros de ensino públicos e concertados e ao desenvolvemento da materia de Educación Física escolar ou actividades lectivas obrigatorias. Igualmente as actividades ou propostas a desenvolver polas asociacións que estean a traballar con persoas con diversidade funcional. Dentro deste primeiro nivel de prioridade estarían os programas, actividades e campañas de promoción e/ou de organización directa municipal.
- **2º NIVEL DE PRIORIDADE: as actividades deportivas de ámbito federativo e as vinculadas co deporte escolar da Xunta de Galicia (programa XOGADE).**
Darase especial atención ao Deporte Federado e, polo tanto ás entidades deportivas da cidade que participan en competicións oficiais federativas. As horas de fin de semana destínanse principalmente á celebración das competicións oficiais ou puntuais que poidan programar as entidades e que, á súa vez, estean recollidas nos calendarios federativos ou sexan previamente autorizadas pola Concellaría de Deportes
- **3º NIVEL DE PRIORIDADE: as propostas deportivas recreativas e competitivas non oficiais (segundo dispoñibilidade unha vez atendidos os niveis 1 e 2).**
As competicións e actividades deportivas non oficiais que se desenvolvan a través de entidades sen ánimo de lucro sempre e cando cumpran con todas as normas de aplicación.

CONSIDERACIÓNS XERAIS:

Importante salientar que a cesión dunha franxa horaria durante unha tempada, en calquera instalación, non implica que ese mesmo horario sexa cedido ao ano seguinte de forma automática polo feito de facer a solicitude. As asignacións de uso terán validez unicamente para a tempada obxecto de solicitude.

Terase como primeiro criterio dar cobertura ao mesmo nº de equipos/licenzas dos que dispuxo a entidade durante a tempada 2018/19, sempre que se mantexa un nivel similar de estrutura. Seguidamente atenderanse os ascensos de categoría e, posteriormente, os incrementos do número de equipos e licenzas segundo dispoñibilidade.

Á hora de definir con carácter xeral os criterios de uso valorárase o carácter oficial da actividade, o número de equipos e/ou licenzas federativas en competición, a categoría deportiva e a antigüidade da entidade na práctica regular e continúa da actividade obxecto de solicitude, así como, o correcto cumprimento das normas de uso das instalacións durante a tempada anterior.

Dado que o nivel de demanda supera por norma xeral a oferta de instalacións, no suposto de deportes colectivos, será necesario compartir o uso das instalacións con outros equipos (preferentemente da mesma entidade), para o cal o Concello establecerá un ratio en base á capacidade da instalación e o número de solicitudes.



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



As fins de semana están destinadas principalmente ao desenvolvemento de competicións de carácter oficial e federativo.

Durante as épocas vacacionais (nadal e semana santa) as instalacións dan cabida a outro tipo de propostas, de carácter principalmente deportivo, pero cun contido máis recreativo, favorecendo as iniciativas que procuran conciliar a vida familiar. Por este motivo, as cesións de uso que se fagan para a vindeira tempada suspenderanse durante os citados periodos.

A administración municipal quedará facultada para a modificación ou suspensión puntual do uso das instalacións en función das necesidades do Departamento de Deportes, ou no seu caso da USC, sen que a entidade afectada teña dereito a ningunha compensación ou alternativa. Neste suposto, notificarase tal circunstancia ao correo electrónico facilitado na instancia de solicitude cunha antelación mínima de dous días, sempre que sexa posible.

PRAZO DE SOLICITUDE:

O periodo oficial de solicitude de uso de instalacións deportivas para a tempada 2019/20 será do 28 de xuño ao 15 de xullo, ambos inclusive.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

- Rexistro Xeral : R/ Presidente Salvador Allende, 4 Baixo (Galeras)
- Rexistro auxiliar do Ensanche: Rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16 (Centro Sociocultural)
Horario: de 9.00 a 13.00 h.

DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA A PRESENTAR:

As entidades solicitantes deberán presentar a través do Rexistro Municipal **unha declaración responsable (segundo modelo que se achega)** na que se relacionan as obrigas e compromisos que asumen as entidades interesadas acompañada dun formulario específico en función da instalación obxecto de solicitude (campos de fútbol, pavillóns, pistas de atletismo,...)

IMPORTANTE: As solicitudes con documentación pendente, atenderanse unha vez completada toda a documentación. As presentadas fóra de prazo atenderanse unha vez se realice o reparto xeral, e dentro das dispoñibilidades existentes.

SEGUROS OBRIGATORIOS:

As entidades deportivas beneficiarias asumirán os danos que se ocasionen a terceiros ou aos propios bens municipais con motivo da utilización da instalación deportiva. A tal efecto deberán ter contratado —nos dez días seguintes á confirmación da cesión de uso definitiva ou provisional— a correspondente **póliza de responsabilidade civil** actualizada ao periodo obxecto de autorización, nos termos esixidos no artigo 8 e na disposición transitoria terceira da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. **Certificado desta póliza coa indicación das coberturas e periodo de vixencia deberá remitirse por correo electrónico obrigatoriamente no prazo anteriormente indicado dos dez días.**

Todas as persoas usuarias das actividades desenvolvidas polas entidades beneficiarias deberán ter garantida a asistencia sanitaria. A partir da confirmación da cesión de uso, provisional ou definitiva, todas as entidades deberán presentar un certificado propio (asinado conxuntamente pola secretaria e a presidencia da asociación) conforme **todas as persoas participantes (incluídas as aspirantes ou en periodo de proba) dispoñen de licenza federativa e/ou da necesaria póliza de accidentes de seguro que garanta dita asistencia sanitaria. Este certificado deberá remitirse obrigatoriamente por correo electrónico ao Departamento de Deportes con anterioridade ao inicio do uso da instalación cedida.**

De non presentar a documentación en prazo nin atender o requirimento que —de ser o caso— se lle practique suspenderase provisionalmente a cesión de uso inicialmente autorizada, podendo chegar a anularse se non existe resposta por parte da entidade afectada.

Desde o Departamento de Deportes poderase solicitar a xustificación documental das correspondentes pólizas.



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



RESOLUCIÓN INICIAL

Ao efecto de coñecer a resolución inicial prevista para a tempada 2019/20, as entidades solicitantes deberán de **contactar co Departamento de Deportes (981 528 730)** nas seguintes datas:

- Actividades vinculadas á campos de fútbol: do 4 ao 6 de setembro
- Actividades vinculadas co uso das pistas de atletismo: do 11 ao 13 de setembro.
- Actividades vinculadas con pavillóns polideportivos e ximnasios: do 18 ao 20 de setembro

En todo caso, **ESTES PRAZOS PODERÁN ADIANTARSE** se por parte da entidade solicitante existe a vontade de manter para a tempada 2019/20 a mesma (ou moi similar) carga de ocupación, horarios e instalación que a cedida para tempada 2018/19 sendo requisito obrigatorio e imprescindible dispoñer do mesmo número de equipos en competición.

O Departamento de Deportes resérvase a facultade de propoñer de xeito motivado a desestimación das solicitudes de uso daquelas instalacións que non reúnan as condicións reglamentarias para a práctica da modalidade proposta ou entrañen riscos ou molestias a outras persoas, sexan deportistas ou non.

Con independencia ao proceso de solicitude oficial de instalacións para a tempada 2019/2020, aquelas entidades que precisen —por razóns de calendario de competición ou causas debidamente xustificadas—, iniciar os seus adestramentos antes do mes de setembro, deberán comunicar por escrito ao Departamento de Deportes as súas necesidades co fin de poder atendelas, en función das instalacións dispoñibles. **De autorizarse o uso dalgún recinto, é obrigatorio cumprir cos requisitos definidos nesta convocatoria (seguro accidentes e de responsabilidade civil).**

A efectos informativos, salienta que o **periodo de peche ordinario** das instalacións para labores de mantemento e outros, é o seguinte:

- Campos de fútbol: mes de xullo
- Polideportivos: do 15 de xullo a 1 de setembro.
- Pistas de atletismo: do 15 de xullo a 11 de setembro

NORMATIVA DE USO E FUNCIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS.

Xunto coa presente achégase unha **copia da normativa de uso e funcionamento das instalacións deportivas municipais**, que serán de obrigado cumprimento por parte das entidades beneficiarias, polo que lle solicitamos que a transmita entre os adestradores e persoal vinculado coa súa entidade. O seu reiterado incumprimento conlevará a anulación da reserva de uso da instalación.

Dentro da citada normativa recóllese, entre outras, as seguintes cuestións:

- **Os horarios e días reservados para a súa entidade son intransferibles**, non podendo cederse a outro equipo, nin compartirse con outra entidade. As situacións puntuais sobre este respecto que se dean ao longo da tempada deberán ser solicitadas por escrito e precisarán da autorización previa do Departamento de Deportes. Os partidos amigables e/ou oficiais que se vaian a desenvolver durante as horas reservadas para adestramento (de luns a venres) precisarán da autorización expresa do Concello de Santiago e serán solicitados por escrito con suficiente antelación.

Así mesmo, a presente cesión é exclusiva para os deportistas vinculados coa súa entidade (adestradores, xogadores con ficha federativa, ...), sendo responsabilidade exclusiva da entidade permitir, de forma puntual, o acceso durante o horario reservado a persoas que non pertencen ao club.

- **O club poderá perder a súa reserva de instalación** se de forma reiterada e non xustificada:
 1. Non fai uso da mesma.
 2. Asiste cun número moi reducido de deportistas (menos de 7 en pavillóns e menos de 9 en campos de fútbol).
 3. Incumpre cos horarios cedidos para a tempada.
 4. Incumpre as normas de uso e funcionamento da instalación.
- Se algún deportista ou persoa vinculada coa entidade tales como, adestradores, delegados, directivos, ..., **cometeran unha acción vandálica contra a instalación** (vestiarios, pista de xogo...), considerarase ao **club o responsable subsidiario** quedando obrigado a repoñer os danos producidos. A reiteración deste tipo de comportamentos ao longo da tempada **suporá a automática anulación de todas as horas** de uso das que dispoña a entidade, con independencia do equipo ou persoa que cometa a infracción.



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



CONCELLO DE
SANTIAGO

- No que respecta á competición (oficial ou amigable) a entidade, como organizadora, deberá de **adoptar as medias de seguridade e prevención** que sexan necesarias para garantir o correcto desenvolvemento da actividade, así como, respectar o aforo do recinto deportivo.

Importante: No caso de que se prevea para un determinado partido unha afluencia de público especial ou calquera outra circunstancia extraordinaria, a entidade deberá comunicalo por escrito ao Departamento de Deportes cunha antelación mínima de dous días hábiles para que se poidan adoptar as medidas oportunas, de non facelo así a entidade asumirá todas as consecuencias que se poidan derivar da falta de comunicación.

- Co fin de contribuír a **garantir a seguridade** de todos os usuarios das instalacións, os xogadores e adestradores deben informar aos conserxes dos desperfectos ou anomalías que observen nos diferentes espazos das instalacións e, moi especialmente, nos equipamentos deportivos que están a utilizar (porterías, canastras, ...)
- **O conserxe da instalación ten autoridade suficiente e capacidade** para suspender ou anular a actividade deportiva ante o incumprimento na aplicación da normativa existente na instalación, accións incívicas ou agresivas que se produzan, ou se observa calquera outro tipo de circunstancia que ao seu criterio xustifique a suspensión da actividade programada.
- Os adestradores ou persoas responsables dos equipos deberán permanecer na instalación mentras existan deportistas menores de idade do Club utilizando o recinto, **prestando especial atención** ao uso e comportamento na zona de vestiarios. De non cumprirse esta norma, os deportistas terán que abandonar o recinto.
- Por último, salienta que **é condición imprescindible e obrigatoria** acceder ao recinto de xogo (pista polideportiva, campo de fútbol,..) con **calzado deportivo** específico e indumentaria adecuada, tanto os deportistas como adestradores e/ou delegados. O incumprimento desta cuestión conlevará a prohibición de acceso á zona de xogo.

INFORMACIÓN E CONTACTO

Para calquera aclaración ao respecto poden contactar coas oficinas do Departamento de Deportes no Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro en horario de 9 a 14 horas, chamando ao 981 528 730, ou a través da seguinte dirección de correo electrónico: deportes@santiagodecompostela.gal

NORMAS INTERNAS DE USO E FUNCIONAMENTO DOS PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS MUNICIPAIS.

As presentes normas serán de obrigado cumprimento para todas aquelas entidades, colectivos e/ou persoas físicas que teñan concedida a utilización de Pavillóns Polideportivos Municipais.

O obxecto desta normativa é garantir que se realice un correcto uso destes recintos ao efecto de colaborar entre todos a manter as instalacións nunhas óptimas condicións de funcionamento.

O uso das instalacións deportivas municipais está suxeito á aplicación da ordenanza fiscal 4.27 "PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS".

→ **HORARIOS DE APERTURA**

O horario-tipo de apertura dos pavillóns municipais é o seguinte:

De luns a venres, de 9 a 14,30 e de 16 a 23 horas

Sábados, de 10 a 14 e de 17 a 21 horas.

Domingos de 10 a 14 horas.

Os festivos, salvo autorización expresa do Departamento de Deportes, as instalacións estarán pechadas.

As excepcións a este horario son as seguintes:

- ♣ Os pavillóns ubicados en centros de ensino teñen as mañás reservadas para a impartición da Educación Física Escolar.
- ♣ Os pavillóns de maior tamaño (Santa Isabel, Vite e Restollal) como consecuencia da súa alta demanda, teñen un horario de apertura superior pechando ás 23,30 horas de luns a venres e abrindo unha media de 4 horas máis en fin de semana.
- ♣ Este horario poderá sufrir alteracións nas épocas vacacionais e naqueles supostos concretos que previamente se autoricen por parte do Concello de Santiago.

→ **NORMAS DE ACCESO AO RECINTO**

Unicamente poderán acceder ao recinto deportivo os colectivos e usuarios que teñan concesión expresa por parte do Concello de Santiago. Independentemente desta circunstancia, o conserxe da instalación poderá denegar a entrada ao recinto aos deportistas e clubs concesionarios —incluso suspender a actividade unha vez iniciada— se considera que existe algunha circunstancia extraordinaria que ao seu criterio o aconselle (exemplo: humidade en pista, pingueiras, deterioros na zona de xogo, ...).

Os usuarios deberán seguir as observacións e requirimentos do persoal a cargo das instalacións, estando obrigados a cumprir as presentes normas. Os comportamentos inadecuados e/ou vándalicos contra calquera dos elementos do recinto deportivo ou contra outros usuarios, suporá a expulsión inmediata da persoa ou persoas implicadas.

O uso das bancadas durante os adestramentos e as actividades que non son de competición está reservada unicamente para os deportistas/usuarios e membros técnicos dos clubs (adestradores, preparadores físicos, ...) e, excepcionalmente, para membros da Xunta Directiva da entidade ou persoa expresamente autorizada pola mesma. O resto de persoas (pais, nais, acompañantes en xeral dos nenos e nenas deportistas) poderán facer uso doutras zonas comúns do recinto (sala de espera, ...), se existen no recinto.

O Concello de Santiago resérvase o dereito a anular ou suspender calquera reserva se fora necesario, situación que se comunicaría coa máxima antelación á persoa e/ou colectivo afectado.

Non está permitido a entrada de animais, salvo no caso concreto dos cans guía.

Non está permitido comer pipas dentro da instalación nin acceder con envases de vidro e/ou cristal, botes ou calquera outro tipo de recipiente contundente.



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



→ **VESTIARIOS**

Aos vestiarios do Pavillón poderán acceder unicamente os deportistas dos clubs e/ou colectivos que teñan concesión de uso da instalación, o corpo técnico e/ou profesores, os árbitros nos casos de competición oficial e, puntualmente, algún membro da Xunta Directiva dos colectivos con concesión e que debidamente se acredite.

O acceso a vestiarios realizarase con **15 minutos de antelación** á hora de uso reservada e con **60 minutos de anticipación** no caso concreto de actividades de competición (partidos oficiais).

En ningún caso, poderán acceder nenos ou nenas de forma puntual sen que estea presente na instalación o adestrador ou persoa responsable do grupo.

Excepcionalmente, naqueles deportes que estean a traballar con nenos ou nenas menores de 9 anos, permitirase que **un adulto acompañe a un neno/a** aos vestiarios sempre que a entidade da que dependa o autorice. Os grupos de nenos e nenas de 9 anos ou maiores accederán en presenza unicamente dos adestradores. Situacións especiais respecto desta norma serán valoradas de forma puntual no Departamento de Deportes.

Durante o uso dos vestiarios por grupos ou equipos de persoas menores de idade será obrigatorio a presenza na instalación dun adulto responsable ata que se abandonen.

Está prohibido cambiarse en zonas tales como pasillos, aseos e, en xeral, en calquera outra dependencia que non sexa un vestiario.

Finalizada a actividade en pista, os deportistas deberán de abandonar os vestiarios no prazo máximo de 25 minutos.

Recoméndase o uso de chanclas para ducharse e circular polos vestiarios.

Por motivos de seguridade, non se permitirá o uso de aparatos eléctricos.

Por cuestións de hixiene, non se permitirán as seguintes accións persoais dentro dos vestiarios: depilarse, afeitarse, cortarse as uñas e similares. Tampouco está permitido comer.

→ **PISTA DE XOGO**

É importante lembrar que o coidado e mantemento dos recintos empeza por un mesmo.

Todos os deportistas, adestradores e demais colaboradores que estean en pista durante a actividade deberán de ter calzado deportivo e indumentaria adecuada e adaptada á modalidade deportiva a desenvolver. Non se permitirá o acceso con calzado da rúa.

No que respecta ás modalidades de patinaxe e hockei a patíns, no caso concreto dos pavillóns con chan de parqué, é necesario que **cando menos os nenos e nenas maiores de 7 anos**, empreguen patíns que estean adaptados a este tipo de superficie.

Recoméndase que se revisen con certa frecuencia o estado de conservación dos freos e rodas dos patíns para que non xeren problemas irresolubles no chan dos pavillóns que incluso poidan obrigar a suspender temporalmente a actividade. Especialmente preocupante son os freos dos patíns naqueles casos que por desgaste aparece algún elemento metálico (tipo tornillo ou similar) que en contacto co chan de parqué provoca importantes raiaduras. No suposto de que o conserxe da instalación valore que hai algún deportista que ten un patín en mal estado poderá supervisalo en presenza do adestrador/a. De confirmarse, o deportista deberá de abandonar a pista de xogo.

Queda totalmente prohibido que os deportistas veñan cos patíns calzados de fóra xa que, entre outros motivos, poden traer arenas ou calquera outro elemento que pode deteriorar as zonas de xogo, en especial, as de parqué.

No que respecta á modacidade de balonmán queda prohibido o uso de resina durante os adestramentos e actividades de competición non oficiais.

Non poderá haber botellas de auga na pista. Aqueles deportes que pola súa intensidade e necesidade precisen de auga para que os deportistas beban, esta deberá de colocarse nos lugares específicos que indique o conserxe da instalación, que en ningún caso será na zona de xogo.

Está totalmente prohibido cuspir e tirar calquera tipo de lixo na instalación e, en especial, na pista de xogo.

Naqueles deportes que precisen empregar algún equipamento específico (postes de voleibol, bádminton, ...) os adestradores e/ou deportistas maiores de idade do club ou colectivo implicado deberán de colaborar neste labor co conserxe da instalación, tanto no momento da súa colocación como na desmontaxe.

Non se poderán manipular os equipamentos deportivos existentes nas instalacións sen autorización do conserxe e sen que este estea presente. Está totalmente prohibido desanclar as porterías de fútbol sala/balonmán e colgarse delas.

→ **RESERVAS PUNTUAIS DE PISTA “uso libre”**

Enténdese como “uso libre” partidos, xogos deportivos e práctica deportiva en xeral por persoas físicas e non profesionais.

As reservas puntuais dos polideportivos para “uso libre” deberán de realizarse nas oficinas do Departamento de Deportes, aboándose a cantidade que proceda segundo cada caso, coas excepcións que a ordenanza fiscal 4.27 establece e dentro dos criterios de xestión que o Concello determine.

Para o acceso de “uso libre” aos pavillóns municipais é requisito indispensable ser maior de idade. Os menores só poderán acceder e permanecer nas instalacións acompañados dun adulto, que será responsábel do uso da instalación.

A reserva das instalacións por parte de persoas físicas para o desenvolvemento de actividades deportivo-recreativas de carácter puntual realizarase cunha semana de antelación, é dicir, dunha semana para outra, podendo facerse efectiva a partir dos martes e de calquera das seguintes maneiras:

- Telefonicamente, de martes a xoves, en horario de 9 a 14 horas, chamando ao 981 528 730
- Persoalmente, de martes a venres, nas oficinas do Departamento de Deportes en horario de 9 a 14 horas.

De facer a reserva telefónica, será obrigatorio que a persoa a confirme recollendo o xustificante - antes do venres desa semana- nas oficinas do Departamento de Deportes no Estadio de San Lázaro, en horario de 9 a 14 horas. De non facelo, a hora reservada quedaría automaticamente liberada podendo ser novamente bloqueada por outro usuario.

As fins de semana unicamente se farán reservas se existe dispoñibilidade unha vez atendida a competición e demais actividades programadas.

O usuario responsable da reserva deberá de identificarse co DNI e presentar o seu xustificante na conserxería do recinto antes de acceder ás instalacións.

Cada usuario unicamente poderá reservar unha hora á semana e terá dereito a o uso dun vestiario.

O número máximo de deportistas por cada reserva e hora será de 15/16 e o número mínimo será de 7/8.

Calquera outro tipo de reserva a realizar por unha persoa física que non se axuste ao indicado neste apartado das normas, se valorará de forma específica polo Concello de Santiago.

→ **OUTRAS CONSIDERACIÓNS**

Os Clubs e entidades con concesión de uso de instalación para toda a tempada deberán de cumprir a normativa específica e circulares adicionais que no seu momento se lles remita por parte do Concello de Santiago e que se consideran complemento ás presentes normas.

Os horarios e días reservados para a unha entidade/usuario son intransferíbeis, non podendo cederse a outro equipo, nin compartirse con outro club/usuario. As situacións puntuais sobre este respecto que se dean ao longo da tempada deberán de ser solicitadas por escrito e precisarán da autorización do Departamento de Deportes.



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



CONCELLO DE SANTIAGO

A entidade/usuario poderá perder a súa reserva de instalación se de forma reiterada e non xustificada:

1. Non fai uso da mesma.
2. Asiste cun número moi reducido de deportistas, inferior a 7/8 persoas.
3. Incumpre de forma reiterada cos horarios concedidos para a tempada.
4. Incumpre algunha das normas recollidas neste documento.

Os danos ocasionados na instalación ou en calquera dos seus elementos polos deportistas e usuarios en xeral, como consecuencia de actos negligentes ou de accións vandálicas, deberán de ser asumidos e compensados pola persoa ou persoas implicadas. No caso concreto de actividades vinculadas con Clubs deportivos, considerarase á entidade a responsable subsidiaria quedando obrigada a repoñer os danos producidos. A reiteración deste tipo de comportamentos ao longo da tempada suporá a automática anulación de todas as horas de uso das que dispoña a entidade, con independencia do equipo ou persoa que cometa a infracción.

Co fin de contribuír a garantir a seguridade de todos os usuarios das instalacións, os xogadores, adestradores e deportistas en xeral deben informar aos conserxes dos desperfectos ou anomalías que observen nos diferentes espazos das instalacións e, moi especialmente, nos equipamentos deportivos que están a utilizar (porterías, canastras, ...).

O Concello de Santiago recomenda a todos os deportistas que pasen un recoñecemento médico previo co fin de garantir a súa saúde.

O Concello de Santiago non se fai responsable dos obxectos extraviados, sustraídos ou esquecidos nos vestiarios ou no interior da instalación. Recoméndase non introducir no recinto obxectos de valor.

O Concello de Santiago declina toda responsabilidade das lesións que puideran producirse derivadas da práctica deportiva. Enténdese que no momento de facer uso dunha reserva de instalación os usuarios manifestan estar aptos para realizar actividade físico-deportiva.

Na conserxería das instalacións hai follas de incidencias e queixas a disposición dos interesados.

Para calquera información, dúbida ou suxestión respecto do uso e funcionamento destas instalacións deberán dirixirse ao Departamento de Deportes do Concello de Santiago, situado no Estadio de San Lázaro, porta 1.

Teléfono: 981 528 730, de luns a venres, de 9 a 14 horas.

Enderezo de correo electrónico: dptodeportes@santiagodecompostela.gal

OUTROS TELÉFONOS DE INTERESE:

Bombeiros	080 / 981 542 444
Policía Local	092 / 981 542 323
Emerxencias	112
Cruz Vermella	981 586 969